

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 25/01/2021
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 25/01/2021 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 18-ene-2021, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2021/0159

Vista a proposa da Concelleira de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a addenda ao contrato asinado entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Sociedade Alvarez Conchado e Hijos, S.L., sobre aparcadoiros públicos en diversas parcelas da súa propiedade no termo municipal de Vilagarcía de Arousa. O obxecto da addenda é destinar a parcela sita na Rúa Francisco Porto Rey nº5 con referencia catastral 8953220NH1185S0001SL, para acopio de materiais das obras de "Humanización e mellora accesibilidade na urbanización O Piñeiriño" adxudicada á empresa Montajes J.M. Iglesias, S.L.

PRP2021/0160

Dáse conta a Orde da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo do 16 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de Protección Civil de Concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de Concellos, e se convocan para o ano 2021. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0161

Dáse conta da Orde da Consellería de Sanidade do 19 de xaneiro de 2021, pola que se modifica a orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0162

Dáse conta do Decreto da Presidencia da Xunta de Galicia do 19 de xaneiro polo que se modifica

o Decreto do 3 de decembro de 2020 do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria da COVID-19. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

RECURSOS HUMANOS

PRP2021/0115

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Informática para a creación dunha bolsa de emprego, a Xunta de Goberno Local acorda:

- A aprobación da convocatoria para a formación de Bolsas de Emprego da seguinte categoría e especialidade:

Título de Técnico en Sistemas microinformáticos e redes (ou titulacións equivalentes segundo a normativa de aplicación)

- Requerir listaxe de candidatos/as preseleccionados polos servizos públicos de emprego.

PRP2021/0150

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de decembro de 2020, por un importe total de 5.240,00€ e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e XGL	DIETAS PLENOS e XsGL	Nº sesións Comisións informativas	DIETAS COMISIONS INFORMATIVAS	TOTAL EUROS
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	5	x 130,00 €	1	x 110,00 €	760,00
Dª LUZ Mª ABALO PEREZ	5	x 130,00 €	1	x 110,00 €	760,00
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	5	x 130,00 €	1	x 110,00 €	760,00
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	3	x 130,00 €	---	x 110,00 €	390,00
Dª MATILDE LAYA LORENZO	5	x 130,00 €	1	x 110,00 €	760,00
Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 130,00 €	---	x 110,00 €	130,00
D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
Dª LUCÍA CÉSAR BELOSO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. JESUS LOPEZ RODRIGUEZ	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
TOTAL					5.240,00

PRP2021/0151

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 31 de decembro de 2020, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€

- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2021/0182

Vista a proposta da Coordinadora dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Tendanosa SLL para o subministro de manetas da secadora da Escola infantil de Carril, para substitución das actuais, por rotura das mesmas, por un importe total de 78,58 € (IVE incluído), con cargo á partida 323.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0191

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de xaneiro de 2021, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigación a favor de Bonecos Vilagarcía, S.L., polo importe de 30.062,76 € con cargo á partida 323.48007.

EMPREGO

PRP2021/0119

Dáse conta do escrito presentado polo CENTRO COMERCIAL ABERTO ZONA ABERTA de Vilagarcía, CIF G36256045, solicitando lle sexa ingresada a cantidade correspondente á aportación do Concello, unha vez xustificadas os abonos efectuados aos establecementos, segundo extracto bancario que se acompaña

Fiscalizada polo Departamento de Intervención a xustificación presentada pola Asociación colaboradora, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á transferencia de fondos correspondente, isto é, 8.221,66 €, con cargo á partida 4311.470, para que por parte da Asociación poidan continuar facendo aboamentos aos establecementos.

PRP2021/0193

Dáse conta de escrito do Servizo de Orientación Laboral, da Consellería de Emprego e Igualdade autorizando o mantemento provisional dos servizos de orientación laboral que foron subvencionados para o exercicio de 2020, dado que aínda non saíu publicada a convocatoria de axudas para o exercicio de 2021, especificando que dita autorización non xerará dereitos de cara a resolución para o exercicio do 2021, polo que se o Concello non resulta beneficiario nese procedemento de axudas, en todo ou en parte dos servizos solicitados, entenderase revogada a autorización e non se xerarán dereitos económicos polos servizos prestados durante o tempo transcorrido.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2021/0156

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de decembro de 2020, en relación coa xustificación das axudas concedidas ás ANPAS dentro do Plan Madruga, figurando no mesmo:

...)

O recoñecemento de obriga a favor das seguintes entidades e polos importes que se indican, con cargo á partida 320.48003, para o período setembro a novembro (2º prazo), de conformidade coa documentación xustificativa aportada:

- Alonga, do CEIP Arealonga: 400,00 €
- Rosalía de Castro, do CEIP Rosalía de Castro. 400,00 €
- DR. Fleming, do ANexo A Lomba: 400,00 €
- EEI Vagalume: 400,00 €

E debendo figurar:

O recoñecemento de obriga a favor das seguintes entidades e polos importes que se indican, con cargo á partida 320.48003, para o período setembro a novembro (2º prazo), de conformidade coa documentación xustificativa aportada:

- Alonga, do CEIP Arealonga: 300,00 €
- Rosalía de Castro, do CEIP Rosalía de Castro. 300,00 €
- DR. Fleming, do ANexo A Lomba: 300,00 €
- EEI Vagalume: 300,00 €

A Xunta de Goberno local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

MERCADOS

PRP2021/0183

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria del Rosario Portas González solicitando a baixa dos postos nº 19-20 da zona de Plazoleta detrás da Praza da Verdura, do mercado semanal de Vilagarcía de Arousa.

Visto o informe do Servizo de Mercados e de conformidade co artigo 14.d) do Regulamento Municipal de Venda Ambulante do Concello de Vilagarcía de Arousa, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a baixa solicitada, procedendo á baixa no Padrón de Mercados con efectos de 31 de decembro de 2020, tendose por extinguida ddende a mesa data a titularidade dos devanditos postos.

PRP2021/0184

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan José Jacome Mazas solicitando a baixa dos postos nº 15-16-17-18 da zona de Plazoleta detrás da Praza da Verdura, do mercado semanal de Vilagarcía de Arousa.

Visto o informe do Servizo de Mercados e de conformidade co artigo 14.d) do Regulamento Municipal de Venda Ambulante do Concello de Vilagarcía de Arousa, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a baixa solicitada, procedendo á baixa no Padrón de Mercados con efectos de

31 de decembro de 2020, tendose por extinguida dende a mesa data a titularidade dos devanditos postos.

SANIDADE

PRP2021/0146

Dáse conta da solicitude de D. Felipe Yriarte Chavez, titular da licenza municipal de auto-taxi nº 5, para adscribir novamente á citada licenza o vehículo marca Renault Megane Sport Tourer, matrícula 8512JXLI (con taxímetro instalado), e número de bastidor VF1RFB00357457688. Dado que a documentación presentada, cumpre os requisitos esixidos no vixente Regulamento Municipal dos Servizos Urbanos de Transportes en automóbiles lixeiros, e demais normativa de aplicación, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a D. Felipe Yriarte Chavez, para a adscripción do vehículo citado á licenza de taxi nº 5.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2021/0187

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de novembro de 2020 de aprobación orzamento de Méndez Santos SL para a realización de pasarrúas o día 23 de decembro, por importe de 1.210,00 € (IVE incluído), figurando no mesmo "con cargo á partida 2311.22624", e debendo figurar "con cargo á partida 2314.22624". A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2021/0044

A Xunta de Goberno Local de data 30 de novembro de 2020, acordou a aprobación das bases, contías dos premios e adxudicacións da compra dos materiais obxecto dos premios, do Segundo Concurso de Decoración Sostible do Nadal destinado a familias do Municipio, que pretende fomentar o uso de materiais de refugallo como recurso educativo para os/as nenos/as, en particular, e para a cidadanía, en xeral, a través da transformación do espazo fomentando a sensibilización da importancia da reciclaxe e o traballo en comunidade para crear un entorno máis humano e sostible.

O custo de desenvolvemento da actividade ascendía á cantidade total de 600 € en concepto de premios consistentes en diverso material tecnolóxico, didáctico e de lectura adquirido en comercios locais.

Os premios a determinar por un xurado nomeado polo concello, que se decidirá despois do Nadal, no ano 2021 e con cargo á Concellería de Xuventude eran os seguintes:

1º PREMIO: Tablet valorada en 300 €

2º PREMIO: Lote de material didáctico e libros valorado en 200,00€

3º PREMIO: Lote de material e libros valorados en 100,00€

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a modificación das bases e premios do Segundo Concurso de Decoración Sostible do Nadal destinado a familias do Municipio, ampliando o orzamento en 150 €, dando un orzamento total de de 750,00 €, con cargo á partida 2314.218100, establecendo os seguintes premios:

1º PREMIO: Tablet valorada en 300 €

2º PREMIO: 2 Lotes de material didáctico e libros valorados en 150,00€/ cada un (total 300,00 €)

3º PREMIO: 2 Lotes de material e libros valorados en 75,00€/cada un (Total 150,00 €)

Segundo: A ampliación da adxudicación do gasto coa seguinte desagregación:

- Espacio do Lector SL, en concepto de material didáctico e de lectura: Ampliación de 100 €.

- Metrópolis Comícs Vilagarcía SL: en concepto de material didáctico e de lectura: Ampliación de 50 €.

Terceiro: A adxudicación dos premios do II Concurso de Decoración Sostible de nadal 2020, aos seguintes:

1º Premio: 1 tablet valorada en 300 €, a menor Jimena Oubiña Ferreiro. Representante legal (Nai): M^a José Ferreiro Miguéns

2º Premio (a compartir): Lote de material didáctico e libros valorado en 150 € cada un.

- 2º.1 aos menores Roque e Mar García Ferro. Representante legal (nai): Raquel Ferro Souto

- 2º.2 ao menor Martín Saborido Ancosmede. Representante legal (nai) Cristina Ancosmede Garduño

3º Premio (a compartir): Lote de material didáctico e libros valorado en 75 € cada un.

- 3º.1 aos menores Mateo e Chloe Ferreiro García. Representante legal (nai): Begoña Ferreiro García

- 3º.2 á menor Johanna Romeu Balsa. Representante legal (nai): M^a Begoña Balsa Cajaraville

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2021/0148

Vista a proposta da Concellería Delegada da Área de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e orzamento do XV Premio para a igualdade de xénero: "Boas Prácticas na Escola", cun orzamento total de 1.500,00 € para premios (tres premios de 500,00 € cada un), con cargo á partida 2312.48100.

PRP2021/0149

Vista a proposta da Concellería Delegada da Área de Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a actividade, bases e orzamento do programa "Activate 1: Obradoiro de actividades cognitivas para as persoas maiores", e a súa realización polo Centro Polivalente Ana M^a Parada SL, por un importe total de 11.448,00 €, con cargo á partida 2313.22634.cunha duración de 9 meses (de febreiro a xuño e de setembro a decembro)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2021/0189

Dáse conta do Convenio de Colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) con C.I.F. Q6550009B e O Concello de Vilagarcía de Arousa, debidamente asinados, para a xestión da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorio do 1º semestre de 2021, no que se estipulan as condicións do mesmo.

PRIMEIRO: A continuación detallase a programación que este concello de Vilagarcía, ten previsto realizar no primeiro semestre do 2021 así como a aportación establecida (Condición 4º do

convenio):

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	LUGAR	DIA	IMPORTE
IBUPROFENO TEATRO	O mel non caduca	AUDITORIO	06-02-2021	2.420,00€
BUTACAZERO	Despois das Ondas	AUDITORIO	06-03-2021	4.356,00€
DE STE XEITO PRODUCIÓNS	Feminísimas	AUDITORIO	27-03-2021	2.850,00€
BUTACAZERO	32m ²	AUDITORIO	17-04-2021	2.904,00€
FRAN SIEIRA COMPAÑÍA DE DANZA	DeMente	AUDITORIO	30-04-2021	6.739,00€
CULTURACTIVA	Conexión Pingüin	AUDITORIO	08-05-2021	2.299,00€

SEGUNDO: O custe total das actividades ascende a un total de 21.568,00€, que será sufragado coas seguintes achegas:

-AGADIC colabora coa achega de 12.131,80€:

-CONCELLO DE VILAGARCÍA, colaborará coa cantidade restante de 9.436,20€

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as actuacións indicadas.

PRP2021/0190

Vista a proposta da Concellería de Cultura acórdase a aprobación para a posterior sinatura dos contratos coas distintas compañías teatrais dentro da programación do 1º semestre da Rede Galega de Teatros e Auditorios 2021, con un importe a asumir polo Concello con cargo á partida 334.22609, coa seguinte desagregación:

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	DIA	IMPORTE
IBUPROFENO TEATRO	O mel non caduca	06-02-2021	2.420,00€
BUTACAZERO	Despois das Ondas	06-03-2021	4.356,00€
DE STE XEITO PRODUCIÓNS	Feminísimas	27-03-2021	2.850,00€
BUTACAZERO	32m ²	17-04-2021	2.904,00€
FRAN SIEIRA COMPAÑÍA DE DANZA	DeMente	30-04-2021	6.739,00€
CULTURACTIVA	Conexión Pingüin	08-05-2021	2.299,00€

CONTRATACIÓN

PRP2021/0147

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de servizos para a redacción de proxecto básico e de execución de "Reforma de local na Rúa Castelao 7 para Biblioteca Municipal" a Redondo, Valladares y Rodríguez Arquitectos SLP, por un importe total de 18.137,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0152

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de servizos para a redacción de proxecto básico e de execución para a "Intervención e Humanización da parcela do Parque Público de O Cavadelo" a D. Javier Segura Roldán, polo prezo de 12.705 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.690.

Fáise constar que no prezo de adxudicación non se inclúe a Dirección de Obra.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0157

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de obras de "Mantemento e conservación do edificio histórico da Casa do Concello de Vilagarcía", á mercantil Bespi Construcciones SL (B36347623) por un importe de 30.218,25 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 6.345,83 e, o que totaliza un importe de adxudicación de 36.564,08 € (IVE incluído), con cargo á partida 336.62300.

PRP2021/0163

Dáse conta de solicitude de Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L., de resolución do contrato de obra denominado " Reforma de edificación para albergue de peregrinos – Carril", así como a devolución da garantía definitiva depositada con data 05/10/2020.

Dáse conta de informe da Secretaria Xeral Accidental, no que se indica:

1. Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 14 de outubro de 2020, adxudicouse o contrato de Reforma de Edificación para Albergue de Peregrinos-Carril á mercantil Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.
2. O 4 de novembro de 2020 asinouse o correspondente contrato administrativo.
3. Por Resolución da Alcaldía do 9 de decembro de 2020 aprobouse o Plan de Seguridade e Saúde en desenvolvemento do Estudio Básico de Seguridade.
4. Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L., presenta o 13 de xaneiro de 2021 (registro web2021000133) solicitude de resolución do contrato motivado na demora inxustificada na comprobación do replanteo.

O artigo 237 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en adiante LCSP, establece que a execución do contrato de obra comezará coa acta de comprobación de replanteo. A tales efectos, e dentro do prazo que se designe no contrato, que non poderá ser superior a un mes dende a data da súa formalización, efectuarase a comprobación do replanteo.

Tendo en conta que polo servizo encargado das obras non se efectuou a sinatura da acta de comprobación do replanteo e visto o artigo 245 a) da LCSP, que fixa como unha das causas de resolución do contrato a demora inxustificada na comprobación do replanteo, infórmase favorablemente a solicitude de resolución do contrato de Reforma de Edificación para Albergue de Peregrinos-Carril, adxudicado a Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.

Pola súa banda, o art. 111 da LCSP citada, dispón que a garantía definitiva non será devolta ou cancelada ata que [...] se declare a resolución do contrato sen culpa do contratista. Dado que no presente caso non concorre culpa do contratista, infórmase favorablemente a devolución da garantía definitiva constituída por importe de 21.570,25 euros.

Vista a solicitude de resolución do contrato de Reforma de Edificación para Albergue de Peregrinos-Carril, presentada pola empresa adxudicataria do mesmo, Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L., baseada na demora inxustificada na comprobación de replanteo e de acordo co informe xurídico que obra no expediente, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Resolver o contrato de obra de Reforma de Edificación para Albergue de Peregrinos-Carril asinado coa mercantil Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L., con CIF B36533537.
2. Autorizar a devolución da garantía definitiva por importe de 21.570,25 euros, constituída para

responder da execución do contrato.

3.- Dese traslado do presente acordo ao solicitante e aos Departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Contratación.

PRP2021/0192

Vista a proposta da Concelleira de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos para a redacción de proxecto básico e de execución de "Humanización da Rúa Arcebispo Lago" a D. Mariano Vázquez Iglesias, por un importe total de 17.908,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640.

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:37 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.